# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN**
**CURSO:5º de Primaria**
**DATA: 10 MAIO 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. | LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. |
| | LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. |
| B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. |
| B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. |
| B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal. | LCB5.1.1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. | . LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. |
| B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado. |
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua | LGB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome. |

| | |
|---|---|
| B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas | LGB4.3.1. Emprega con corrección o signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados. |
| | LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. |
| B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. | CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. |
| B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios | CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. |
| B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. | CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-Ciencias da natureza. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. |

| | |
|---|---|
| B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. |
| B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica. | CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). |
| B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible. | CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. |
| | |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | Estándar de aprendizaxe |
| B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | 2.1. MTB2Interpreta en textos numéricos e da vida ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición cotiá, números (naturais, fraccións e decimais de cada unha das súas cifras. |
| .5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado. | MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros. |
| | MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. |
| B3.2. Operar con diferentes medidas | MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. |
| B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto. | Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. |
| Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. |
| Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu contorno máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. |
| Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica | Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| BL 1.2 Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade. | 2.2 Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. |
| BL 2.1 Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo. | 1.1 Define o termo bíblico de Alianza. |
| BL 2.2 Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo. | 2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo. |
| BL 3.1 Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús. | 1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Valores sociais e cívicos. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común | VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas. |
| B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación. | VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias. |
| B3.11. Respectar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno | VSCB3.11.1. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española. |
| B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto. | VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. |
| B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. | EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura | EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta |

| | |
|---|---|
| galega e doutras culturas. | danzas. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, etc.) | EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. |
| B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. | EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. |
| B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. | EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. |
| B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. | EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. |

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física. | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. |
| | EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. |
| B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. | EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. |
| | EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). |

## Competencias clave

CCL: Aplicar en todos os escritos as normas ortográficas e gramaticais, coñecer o vocabulario básico e específico de todas as áreas, expresar de forma oral e escrita as súas emocións e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo. Comprender o sentido dos textos escritos; gozar coa lectura; utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos.

CMCT: Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas, resolver e realizar problemas matemáticos con operacións. Explicar, oralmente e por escrito, interpretar e localizar distintos fenómenos e procesos vistos na area .Planificar e realizar proxectos de construción dalgún obxecto ou aparello. Comprometer co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible, expresar as ideas con rigor e orde, elaborar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

CD: Utilizar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas. Coñecer estratexias de acceso e traballo en Internet..

CAA: Manifestar autonomía na planificación e execución de accións e de tarefas sinxelas. Elaborar textos que lle permiten progresar na autonomía para aprender (resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións) Ler en voz alta un texto con fluidez e coa entoación adecuada mostrando comprensión. Saber organizarse, desenvolver as distintas intelixencias múltiples, xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

CSC: Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións do municipio, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea. Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade) e respectar e responsabilidade no traballo individual e colectivo. Pon exemplos do impacto das actividades humanas no territorio e da importancia da súa conservación.

CSIEE:Manifestar certa autonomía na observación planificación, de tarefas con iniciativa na toma de decisións. Explicar, oralmente e por escrito, interpretar e localizar distintos fenómenos e procesos vistos na area. Poñer interese e esfórzase por escribir correctamente (grafía, orde, limpeza e estética) de forma persoal, creativa e con sensibilidade. Ser constante no traballo superando as dificultades, asumir as responsabilidades encomendadas, xestionar o traballo.

CCEC: Relacionar cada comunidade autónoma coas súas linguas, tradicións e algunhas das súas manifestacións culturais. Crear e reproducir obras propias con elementos artísticos e culturais. Valorar, identificar e utilizar manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas.

Na área de relixión católica, valoración crítica da cultura á luz do evanxeo; coñecemento a valoración de expresións artísticas, costumes, festas, ritos... impregnadas polo cristianismo.

| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrase tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre (Nunca baixando a nota, sempre subindo, se é o caso). |
| | Instrumentos:<br>3º Trimestre: Os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas. |
| **Cualificación final** | A cualificación obterase do seguinte xeito:<br>Alumnado do que se non ten seguimento: Mesmo nota que na segunda avaliación.<br>Alumnado do que se ten seguimento: Partirase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota. |

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.<br>As actividades teñen o seguinte deseño:<br>Areas de lingua castelá literatura, lingua galega e literatura, ciencias socias, ciencias da natureza, matemáticas:<br>Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.<br>As actividades teñen o seguinte deseño:<br>- De comprensión<br>- De completar<br>Lingua estranxeira: Inglés<br>As actividades teñen o seguinte deseño<br>Actividades de comprensión lectora : actividades de elección múltiple, elixir a opción correcta entre varias, actividades para cubrir despois coa información requirida.<br>Actividades comprensión oral: actividades de escoita activa para cubrir despois coa información requirida, actividades de escoita para respostar verdadeiro ou falso ou elixir a opción correcta.<br>Actividades de produción escrita: Actividades de visionado de vídeos para completar frases coa información requirida, actividades de ordenar as palabras na frase, conectar o principio dunha frase co resto que lle corresponde, sopa de letras, |

| | |
|---|---|
| | pictogramas, encrucillados, atopar diferenzas e escribilas, contestar con resposta corta, debuxar e dicir o que se está a facer no debuxo, mirar uns debuxos e respostar a preguntas sobre estes.<br>Educación física:<br>Actividades motrices e de reflexión.<br>Relixión Católica:<br>Actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopa de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes....<br>Educación Plástica:<br>Actividades que combinan diferentes técnicas de creación, xunto con actividades de busca de información sobre artistas/obras do contexto propio e alleo.<br>Educación Musical:<br>Actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.). |
| **Metodoloxía** | Dado que o alumnado deste nivel ten conectividade á internet, desenvolverán as actividades propostas, algunhas delas acompañadas de explicacións aclaratorias sobre a materia dada, reforzando mediante a visualización de vídeos e esquemas<br>No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, realizarase un traballo máis personalizado na procura da superación da materia.<br>Lingua inglesa: algunhas das actividades son introducidas cunha breve explicación co fin de repasar contidos.<br>Educación Plástica: produción de obras artísticas propoñendo diversas técnicas (debuxo, escultura, manualidades...) partindo da busca de información ou de proporcionar imaxes/conceptos/ideas para as novas creacións.<br>Educación Musical: utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con video-tutoriais explicativos. Nos cursos superiores damos dúas opcións: con instrumento (frauta ou calquera outro dispoñible) ou sen instrumento. Trátase de equilibrar as situacións familiares tan diversas que estamos a vivir. O obxectivo final principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos. |
| **Materiais e recursos** | Didácticos:<br>Areas de lingua castelá literatura, lingua galega e literatura, ciencias socias, ciencias da natureza, matemáticas.<br>- Materiais curriculares de elaboración propia e da editorial SM<br>- Vídeos explicativos de Youtube, Vimeo...<br>-Páxinas educativas como Jueduland e Google como ferramenta de investigación. |

| | |
|---|---|
| | Inglés:<br>- Materiais curriculares de elaboración propia.<br>- Materiais curriculares do libro Big Surprise da editorial Oxford University Press.<br>- Vídeos explicativos de Youtube.<br>- Cancións de Youtube.<br>- Diferentes actividades que aparecen na web liveworksheets<br>Educación Física:<br>- Materiais curriculares de elaboración propia.<br>- Elaboración de materiais con Google forms e outras aplicacións.<br>- Vídeos explicativos de Youtube, Vimeo...<br>- Vídeos de elaboración propia.<br>Relixión católica:<br>- Materiais curriculares de elaboración propia.<br>- Materiais curriculares de editoriais.<br>- Vídeos de Youtube<br>Actividades online.<br>Educación Plástica:<br>Recursos do contexto propio e cercano, combinado principalmente con imaxes/conceptos/ideas de fontes diversas, tanto dixitais como sobre papel.<br>Educación Musical:<br>Partituras, vídeos e audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud) xunto con outros enlaces a fontes dixitais de interese.<br>Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentar ben as bases, baixo das directrices da CCP.<br>Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR. |

| Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O alumnado está informado a través das seguintes canles:<br>- Páxina web do centro, aula virtual de descarga.<br>- Correo electrónico do mestre/a.<br>- Abalar- Mensaxeira e informacións.<br>- Teléfono persoal en momentos puntuais.<br>En Educación Musical: puntualmente por Whatsapp (con familias que o necesitan para o envío de arquivos moi pesados por dificultades de dominio tecnolóxico). |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalarmobil |